

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Convenios

CALENDARIO LABORAL PARA O ANO 2016 DO CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE "SECTOR EXTRACTIVO DA PEDRA NATURAL -CANTEIRAS- DE PONTEVEDRA"

CONVENIO O ACORDO: SECTOR EXTRACTIVO DA PEDRA NATURAL –CANTEIRAS – DE PONTEVEDRA

Código de Convenio número 36004255012008

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproba o calendario laboral para o ano 2016, do convenio colectivo do sector de SECTOR EXTRACTIVO DA PEDRA NATURAL -CANTEIRAS- DE PONTEVEDRA, subscrito en representación da parte económica, pola Asociación Clúster do Granito, e, da parte social polos representantes das centrais sindicais, CIG, CC.OO e UGT, en data 25 de xaneiro do 2016.

Primeiro.- Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 2 de maio do 2016.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en perxuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que o artigo 90.2 y 3 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, de 28 de mayo, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,



Esta xefatura territorial,

A C O R D A:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA DO CONVENIO COLECTIVO
DE CANTEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

- DATA: 25 de Xaneiro de 2016
- LUGAR: Centro Tecnolóxico do Granito
- HORA: 10:30 horas

ASISTENTES

REPRESENTACIÓN SINDICAL

CC.OO.

— D. Francisco Estevez Rodriguez

C.I.G

— D. Alberto Fernández Campo

— D. Ricardo Arias Alén

U.G.T.

— D. Fernando Granda Quintana

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL

Asociación Cluster do Granito

— D. Jorge Massó Aguado

En O Porriño a 25 de xaneiro de 2016, reúnen-se as persoas arriba citadas no Centro Tecnolóxico do Granito co obxecto de acordar o calendario laboral para o ano 2016 correspondente o sector de canteiras da provincia de Pontevedra.



As parte acordan os seguintes días festivos para o ano 2016:

- A efectos de distribución e adecuación da xornada anual, con vixencia para o 2016 se consideran como non laborábeis e retribuídos os días:
 - 28 de marzo, 16 de maio, 26 de xullo, 16 de agosto, 31 de outubro, 5, 7,9,e 23 de decembro.
- Nos concellos onde a festa local ou o festivo de convenio coincidan cun día non laborable trasladarase os seguintes días.
 - 29 de marzo: Fornelos de Montes, Portas, Pazos de Borbén, Sanxenxo, Souto Maior, Valga e Vigo.
 - 18 de maio: A Cañiza, Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario e Oia.
 - 18 de xullo: Bueu, Marín e Moaña.
 - 27 de xullo: Valga.
 - 8 agosto: Soutomaior.
 - 26 de setembro: Poio.
 - 17 de agosto: Arbo, Caldas de Reis, Gondomar, Mondariz, Vigo e Vilagarcía de Arousa.
- Os días de descanso retribuído, establecidos nos anteriores apartados, poderán ser modificados por acordo entre a empresa e os traballadores, ou os seus representantes legais, para axustalos as necesidades das partes.

As partes acordan autorizar a Jorge Massó Aguado con DNI 36117404-K para proceder a realizar cantos trámites sexan necesarios ante a autoridade laboral coa finalidade de que se rexistren e publiquen os acordos alcanzados pola presente comisión negociadora.

Tamén, acórdase delegar no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións laborais, sito en Algalia de Abaixo 24, 15781 Santiago de Compostela, para a publicación dos acordos alcanzados por esta comisión negociadora en base á firma dos actos exigidos pola aplicación do establecido no real Decreto 713/2010.

Dando por finalizada a reunión as 11:30 do 25 de xaneiro de 2016, de todo o cal as partes dan fe coa súa firma.

Alberto Fernandez Campo (CIG) DNI: 36001817-D	Fernando Granda Quintana DNI: 50436203-D
Ricardo Arias Alén DNI: 36125539-Z	Francisco Estévez Rodríguez DNI: 36064859-P
Jorge Massó Aguado DNI: 36117404-K	

VIGO, a 5/05/2016.— O Xefe Territorial, Ignacio Rial Santomé.

